

Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Retencións sobre rendementos do traballo

Comunicación de datos ao pagador (artigo 88 do Regulamento do IRPF)

Modelo
145

Se prefire non comunicar á empresa ou entidade pagadora algún dos datos aos que se refire este modelo, a retención que se lle practique podería resultar superior á procedente. En tal caso, poderá recuperar a diferenza, se procede, ao presentar a súa declaración do IRPF correspondente ao exercicio de que se trate.

Atención: a inclusión de datos falsos, incompletos ou inexactos nesta comunicación, así como a falta de comunicación de variacións nestes que, de seren coñecidas polo pagador, determinasen unha retención superior, constitúe infracción tributaria sancionable con multa do 35 ao 150 por 100 das cantidades que se deixaran de reter por esta causa. (Artigo 205 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria).

1.- Datos do perceptor que efectúa a comunicación

NIF Apelidos e nome Ano de nacemento

Situación familiar:

- Solteiro/a, viúvo/a, divorciado/a ou separado/a legalmente, con fillos solteiros menores de 18 anos ou incapacitados xudicialmente e sometidos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada que conviven exclusivamente con vostede sen convivir tamén co outro proxenitor, sempre que proceda consignar polo menos un fillo ou descendente no apartado 2 deste documento.....

- Casado/a e non separado/a legalmente cuxo cónxuxe non obtén rendas superiores a 1.500 euros anuais, excluídas as exentas

NIF do cónxuxe (se marcou a casa 2, deberá indicar nesta casa o NIF do seu cónxuxe)

- Situación familiar distinta das dúas anteriores (solteiros sen fillos, casados cuxo cónxuxe obtén rendas superiores a 1.500 euros anuais, etc.).....

(Marque tamén esta casa se non desexa manifestar a súa situación familiar)

Discapacidade (grao de discapacidade reconecido) Igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% ... Igual ou superior ao 65% ... Ademais, teño acreditada a necesidade de axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida

Mobilidade xeográfica: Se anteriormente estaba vostede en situación de desemprego e inscrito na oficina de emprego e a aceptación do posto de traballo actual esixiu o traslado da súa residencia habitual a un novo municipio, indique a data do devandito traslado

Obtención de rendementos con período de xeración superior a 2 anos durante os 5 períodos impositivos anteriores:

Marque esta casa se, no prazo comprendido nos 5 períodos impositivos anteriores ao exercicio ao que corresponde a presente comunicación, percibiu rendementos do traballo con período de xeración superior a 2 anos, aos que, os efectos do cálculo do tipo de retención, lle fose aplicada a redución por irregularidade considerada no artigo 18.2 da Lei do Imposto e, non obstante, posteriormente vostede non aplicase a citada redución na súa correspondente autoliquidación do Imposto sobre a Renda

2.- Fillos e outros descendentes menores de 25 anos, ou maiores da devandita idade se son discapacitados, que conviven co perceptor

Datos dos fillos ou descendentes menores de 25 anos (ou maiores da devandita idade se son discapacitados) que conviven con vostede e que non teñen rendas anuais superiores a 8.000 euros.

Fillos ou descendentes con discapacidade (grao de discapacidade reconecido)

Se algún dos fillos ou descendentes ten reconecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por 100, marque cunha "X" a/s casa/s que corresponda/n á súa situación.

Ano de nacemento	Ano de adopción ou acollemento(1)	Grao igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%	Grao igual ou superior ao 65%	Ademais, ten acreditada a necesidade de axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida

Cómputo por enteiro de fillos ou descendentes

En caso de fillos que convivan unicamente con vostede, sen convivir tamén co outro proxenitor (pai ou nai), ou de netos que convivan unicamente con vostede, sen convivir tamén con ningún outro dos seus avós, indique marcando cunha "X" esta casa.

Atención: Se ten máis de catro fillos ou descendentes, achegue outro exemplar cos datos do quinto e sucesivos.

(1) Soamente no caso de fillos adoptados ou de menores acolidos. Tratándose de fillos adoptados que previamente estivesen acolidos, indique unicamente o ano do acollemento.

3.- Ascendentes maiores de 65 anos, ou menores da devandita idade se son discapacitados, que conviven co perceptor

Datos dos ascendentes maiores de 65 anos (ou menores da devandita idade se son discapacitados) que conviven con vostede durante, polo menos, a metade do ano e que non teñen rendas anuais superiores a 8.000 euros

Ascendentes con discapacidade (grao de discapacidade reconecido)

Se algún dos ascendentes ten reconecido un grao de discapacidade igual ou superior a 33 por 100, marque cunha "X" a/s casa/s que corresponda/n á súa situación.

Ano de nacemento	Grao igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%	Grao igual ou superior ao 65%	Ademais, ten acreditada a necesidade de axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida.

Convivencia con outros descendentes

Se algún dos ascendentes convive tamén polo menos durante a metade do ano, con outros descendentes do mesmo grao ca vostede, indique nesta casa o número total de descendentes cos que convive, incluído vostede (se os ascendentes só conviven con vostede non encha esta casa)

4.- Pensións compensatorias a prol do cónxuxe e anualidades por alimentos en favor dos fillos, fixadas ambas as dúas por decisión xudicial

Pensión compensatoria en favor do cónxuxe. Importe anual que está Vd. obrigado a satisfacer por resolución xudicial

Anualidades por alimentos en favor dos fillos. Importe anual que está Vd. obrigado a satisfacer por resolución xudicial

5.- Pagamentos pola adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual utilizando financiamento alleo, con dereito a dedución no IRPF

Importante: só poderán cumprimentar este apartado os contribuíntes que adquirisen a súa vivenda habitual ou satisfíxesen cantidades por obras de rehabilitación da mesma, antes do 1 de xaneiro de 2013.

Se está vostede efectuando pagamentos por préstamos destinados á adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual polos que vaia ter dereito a dedución por investimento en vivenda habitual no IRPF e a contía total das súas retribucións íntegras en concepto de rendementos do traballo procedentes de todos os seus pagadores é inferior a 33.007,20 euros anuais, marque cun "X" esta casa

6.- Data e sinatura da comunicación

Manifésteo ser contribuínte do IRPF e declaro que son certos os datos arriba indicados, presentando ante a empresa ou entidade pagadora a presente comunicación da miña situación persoal e familiar, ou da súa variación, para os efectos previstos no artigo 88 do Regulamento do IRPF.

En a de de

Sinatura do perceptor:

Asdo: D/Dª.

7.- Notificación de recibo

O Instituto Social da Mariña xustifica a recepción da presente comunicación e documentación.

En a de de

Sinatura autorizada e selo da empresa ou entidade pagadora:

Asdo: D/Dª.

De conformidade co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía de dereitos dixitais, o perceptor terá dereito a ser informado previamente da existencia dun ficheiro ou tratamento de datos de carácter persoal, da finalidade da recollida destes e dos destinatarios da información, da identidade e enderezo do responsable do tratamento ou, no seu caso, do seu representante, así como da posibilidade de exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación ou cancelación destes.